



INFORME de legalidade sobre o proxecto de orde pola que se amplía o prazo para a xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao exercicio 2019, así como para a presentación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao ano 2020.

Esta Secretaría Xeral Técnica, de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómica de Galicia, en relación co “Proxecto de Orde polo que se amplía o prazo para a xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao exercicio 2019, así como para a presentación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao ano 2020”, emite o seguinte:

INFORME

1. Marco normativo e competencial

Ao abeiro do artigo 148.1.20º da Constitución Española e o artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma de Galicia asume a competencia exclusiva en materia de asistencia social.

No marco da dita competencia, a proposta da consellería competente, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, publicado no *Diario Oficial de Galicia* número 63, do 30 de marzo de 2012.

No seu artigo 43.1, na súa redacción dada polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, publicado no *Diario Oficial de Galicia* número 228, do 27 de novembro de 2014, establece que unha vez finalizado o correspondente exercicio orzamentario e, en todo caso, co día límite do 31 de marzo do exercicio inmediatamente posterior, todas as corporacións locais financiadas consonte o dito decreto deberán presentar ante o órgano de dirección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, con atribucións en materia de servizos sociais, a xustificación e avaliación da execución do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais, así como o proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao ano en curso.

A esta data límite refírese así mesmo o artigo 58.6 do dito Decreto 99/2012, do 16 de marzo, na súa redacción dada polo referido Decreto 148/2014, do 6 de novembro, para a presentación, de maneira integrada coa documentación correspondente á xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais, da certificación do órgano competente da corporación local acreditativa do gasto realizado para o desenvolvemento do servizo de axuda no fogar para persoas en situación de dependencia, e demais datos que se lle requiran en relación coa xestión deste servizo.

O exposto configúrase dentro do marco competencial que fundamenta o presente proxecto normativo.

2. Necesidade e oportunidade

Como así consta na memoria xustificativa da Dirección Xeral de Inclusión Social, debido á necesidade da actualización da aplicación informática a través da que todas as corporacións locais teñen que elaborar necesariamente os formularios para a xustificación e avaliación da execución do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente neste caso ao exercicio 2019, así como para a presentación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao exercicio 2020, mediante o cal solicitan o financiamento para a prestación dos ditos servizos sociais comunitarios da súa competencia, dadas as incidencias no proceso de actualización da dita aplicación que dificulta a súa completa dispoñibilidade e coa antelación suficiente para a cobertura dos datos no prazo establecido, cómpre abordar a presente ampliación.





Consente o exposto, tendo en conta o disposto no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a disposición derradeira segunda do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, que faculta á persoa titular da consellería competente no sistema galego de servizos sociais para ditar no ámbito das súas competencias cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación do dito decreto, e en concreto para o desenvolvemento mediante unha orde dos aspectos procesuais relativos ao financiamento dos servizos sociais comunitarios das corporacións locais e o carácter puntual da incidencia que motiva a norma, cómpre ampliar o prazo para a xustificación e avaliación no referente ao proxecto anual para o 2019 e a presentación do proxecto para o ano 2020. A ampliación posibilita o cumprimento das obrigas establecidas polas entidades locais en relación á presente anualidade.

Logo da entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara do estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e de conformidade co disposto na súa disposición adicional terceira, o cómputo destes prazos para a xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao exercicio 2019, así como para a presentación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao ano 2020 quedou interrompido, na data de publicación do dito Real decreto.

O día 23 de maio de 2020 publicase no *Boletín Oficial do Estado* número 145 o Real decreto 537/2020, do 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara do estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. De conformidade co disposto no seu artigo 9, reanudase o cómputo dos prazos administrativos suspendidos dende o 1 de xuño de 2020 e, en virtude da súa disposición derogatoria única, queda derogada a disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, de 14 de marzo, con efectos dende o 1 de xuño de 2020.

Polo que se refire ao prazo para a presentación do proxecto anual, tras o alzamento da suspensión reanudase o prazo que aínda resta ata o seu vencemento. Nestas circunstancias e manténdose as causas que motivaron a súa ampliación, cómpre continuar coa tramitación do proxecto da orde para a dita ampliación se ben fixando o prazo ata o 30 de xuño de 2020, incluído. Por outra banda, a través do dito proxecto aclárase o cómputo dos prazos en relación á documentación presentada tras a declaración do estado de alarma.

3. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións contidos nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómica de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Así, o centro directivo da dita consellería promotor da iniciativa normativa (Dirección Xeral de Inclusión Social) remitiu á Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa da Secretaría Xeral Técnica o texto do Anteproxecto da orde (versión 11/02/2020) que inicialmente determinou a ampliación do prazo ao 20 de maio de 2020, acompañado dos documentos necesarios para o inicio da tramitación. O texto do Anteproxecto divídese, tras o título e a parte expositiva, nun único artigo e nunha única disposición derradeira.

Unha vez recibida a documentación e logo do seu estudo, o Servizo de Apoio Técnico-Xurídico da Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa da Secretaría Xeral Técnica, elaborou o seu informe con data 11 de febreiro de 2020 e obtivo a aprobación inicial do agora proxecto de orde pola persoa titular da Consellería e competente en materia de asistencia social. O proxecto publicase no portal de transparencia-normativa en tramitación da Xunta de Galicia o 17 de febreiro de 2020. Posteriormente, con data 20 de febreiro de 2020 recibese novo texto coa revisión da data da ampliación ao 12 de maio de 2020 acompañado da xustificación oportuna. O novo texto publicase no portal de transparencia sen que conste presentación de suxestións pola dita canle.

Na tramitación do proxecto solicitouse o informe de sostibilidade financeira e remitiuse á Federación Galega de Municipios e Provinciais (en adiante Fegamp) para o seu coñecemento e a emisión das consideracións oportunas. Con





data 18.02.2020 á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos emite o seu informe favorable que ratifica con data 27.02.2020 en virtude da primeira revisión do prazo. Así mesmo, na mesma data 26.02.2020 a Fegamp emite o seu informe coa consideración favorable.

Como xa se indicou, tras a publicación do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara do estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, paralizouse por unha banda o prazo de presentación do proxecto anual para o presente ano, e pola outra, paralizouse a tramitación normativa da súa ampliación.

Tras o alzamento da suspensión en virtude do Real decreto 537/2020, do 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, reanudase o prazo vixente para a presentación do proxecto anual e, a petición do órgano promotor, continúa a tramitación da súa ampliación ao manterse as causas que motivaron inicialmente esta se ben fixando un novo prazo ata o 30 de xuño de 2020, incluído. Aos efectos, o novo texto remítese de novo aos órganos e entidades informantes e sométese a audiencia a través do portal de transparencia.

Dado que o proxecto non ten repercusións en cuestión de xénero, non se solicitou o informe de impacto de xénero. Así mesmo, ao referirse a aspecto parciais non se someteu á consulta previa de conformidade co disposto no artigo 133.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Por outra banda, a motivación da ampliación do prazo obxecto da norma determina a xustificación da ausencia no Plan normativo.

Na fase final solicítase o preceptivo informe da Asesoría Xurídica que o emite con data 9 de xuño de 2020.

4. Legalidade

O proxecto elevarase á aprobación da persoa titular da Consellería de Política Social.

De acordo co indicado considerase que este proxecto de orde, reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se emite a seguinte, PROPOSTA:

Informar favorablemente este proxecto de orde polo que se amplía o prazo para a xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao exercicio 2019, así como para a presentación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao ano 2020, conforme a súa legalidade.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital da proposta de informe

A subdirectora xeral de Coordinación Administrativa

Irene Oti Cabanelas

A persoa titular da Secretaría Xeral Técnica, logo de ver a proposta da subdirectora xeral de coordinación administrativa, considera que o proxecto de orde polo que se amplía o prazo para a xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao exercicio 2019, así como para a presentación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao ano 2020, se axusta á legalidade vixente, **polo que o informa favorablemente.**

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital do informe

A secretaria xeral técnica

María Francisca Gómez Santos

